



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 29/11/2017 13:01:07

ENTRADA 28894 / RX 2940865



Sr. Alcalde

Concello de Culleredo

RUA DO CONCELLO, 12
15189 CULLEREDO

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

Que a península que forma o río Mero no seu tramo final, antes de formar a ría do Burgo, (43°18'32.2"N 8°21'18.5"W ; 43.308932, -8.355138), foi ocupada desde hai décadas (1967) por unha planta de produción de aceites. Unha vez que esa fábrica cesou a súa actividade, en torno á 2009, derrubáronse as instalacións e só quedan alí os cimentos.

Que aínda que hai noticias de prensa que fan referencia a que se trata dunha propiedade privada; aparentemente trátase dunha zona de recheo, como así nolo comentan mariscadores que tradicionalmente traballaron na zona hai moitos anos. Tamén se pode contrastar a imaxe do voo americano de 1956, no que a textura da imaxe é moi similar a outras zonas de vexetación de ribeira que permanecen hoxe. Pode verse tamén que toda a península estaba bordeada de árbores de ribeira, e que na maior parte da superficie non había campos de cultivo, cando ao oeste, á outra beira da vía, está inzado deles. Parece deducirse que non eran terras aptas para cultivar por tratarse de terreo brañento e anegable nas enchentes do río.

Que nestes momentos estase a desenvolverse o proxecto "Dragado Ambiental dos Sedimentos da Ría de O Burgo (A Coruña)" que segundo o proxecto teñen un espesor medio de 75cm chegando nalgunhas partes a 2 metros. Este proxecto tivo numerosas alegacións e unha delas trata da "Contestación á consulta sobre o alcance ambiental do proxecto 20130250COS" ii . Neste documento do Instituto de Investigacións Marinas (IIM) dependente do CSIC, dise que dragar os lodos da ría é unha política de "pala e escoba" e precisa:

"Dentro de las actuaciones a realizar para la regeneración integral de la ría de O Burgo hay dos aspectos básicos a tener en cuenta. Uno es la contaminación química, otro la alteración del río Mero.

Dentro del primero una medida de dragado como la propuesta tiene sentido para paliar el daño continuo que la contaminación ocasiona al ecosistema.

El segundo condiciona la llegada de nuevos lodos hacia la cabecera de la ría. El embalse de Cecebre ha reducido el caudal del río Mero y alterado su ciclo anual. Las crecidas fluviales ayudan, como ocurre en otras rías, al transporte de fangos hacia el mar. Hay que determinar cuáles serían las condiciones hidrodinámicas óptimas para ello en la ría. Por otra parte, en el embalse de Cecebre coinciden dos procesos. Uno de acumulación de fangos, incrementado por la acción del prolífico cangrejo americano sobre sus márgenes, y otro la eutrofización de sus aguas. Ambos procesos hacen que el embalse exporte arcillas y materia orgánica hacia la cabecera de la ría (Sección I, principalmente). Aunque se retiren de allí los fangos estos seguirían acumulándose puesto que la cuenca fluvial los produce y el caudal del río Mero carece de la suficiente energía para llevarlos hacia el mar."

Tense cifrado polo asinante de dito documento o incremento do espesor dos lodos no fondo da ría do Burgo nun centímetro anual.

Que os expertos coinciden en que unha das medidas para filtrar eses lodos, son as vexetacións de ribeira, ameneiros, xunqueiras etc... e as brañas anegables que rodeaban os ríos antes de que se lles sometera a antropización e construcións que invadiron ese espazo.

Que neste momento está en fase moi avanzada o PXOM de Culleredo, que na súa redacción inicial establecía que a zona da Bunge tiña unha calificación de terreo urbano e que recollía uns usos de, aparcamento disuasorio, apeadeiro de tren, e solar de uso terciario (posible área comercial). Esta cualificación descarta



devolver ao río o que lle pertence, perdéndose a oportunidade de crear unha "infraestrutura verde" que faga de filtro dos fangos que baixan polo río Mero e que rematan no fondo da ría e que tan caro nos vai saír aos contribuíntes retirar.

Que o termo "infraestrutura verde", está de actualidade debido ao convenio subscrito entre a consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e do Instituto de Estudos do Territorio, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Coruña (UDC), para o deseño da Estratexia de infraestrutura verde de Galicia. E tamén Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e do Instituto de Estudos do Territorio (IET), a Fundación Juana de Vega, a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos e a Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), para o deseño da infraestrutura verde da área metropolitana da Coruña. Na documentación que o MAGRAMA pon a disposición pública sobre o concepto de "infraestrutura verde", podemos ler:

"Componentes de la infraestructura verde

Las partes que se identifican en la infraestructura verde son:

El componente físico, esto es, la red de espacios verdes en los cuales y a través de los cuales los procesos y funciones naturales se mantienen. Los ríos son un ejemplo de este soporte físico.

Los proyectos, es decir, las intervenciones diseñadas para conservar, mejorar o restaurar la naturaleza, y esos procesos y funciones naturales que aseguren múltiples servicios ecosistémicos a la sociedad: recuperación de las llanuras de inundación, construcción de escalas para peces, medidas para el control de la erosión, restauración de humedales, drenaje urbano sostenible, entre otras."

SOLICITA:

Que os terreos da península da Bunge, e incluso os que se puideran delimitar nese entorno cos estudos axeitados, deberían:

- Ser excluídos de recalificación urbanística que permita os usos dunha zona urbana.
- Incluírse nos estudos dos organismos citados para a inclusión na rede de infraestruturas verdes.
- Ser obxecto dun proxecto de recuperación que inclua a retirada dos recheo e permita que volva ser unha zona anegable de vexetación de ribeira que facilitara o filtrado dos lodos que baixan polo río.
- Recuperarse como un área de natureza para o coñecemento e desfrute de fauna e flora.

En Santiago de Compostela, a 29 de novembro de 2017

O Presidente da SGHN,



Serafín González Prieto